

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o seis de outubro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase denegar a licenza urbanística para demolición de edificación tradicional sita no núcleo rural tradicional de Cima de Vila-Tabernas, Toiriz, parroquia de Piúgos (expte: 2021/Y001/000100).

Acórdase conceder a licenza urbanística para construción de dúas naves cebadoiro de porcino e dúas balsas en Sta. Cristina de S. Román, (expte: 2022/Y001/000001).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a segunda e derradeira prórroga que vai dende 15-10-2022 ata 14-10-2023 na contratación para o servizo de coordinación de seguridade e saúde na execución de reparacións na rede de saneamento do Concello de Lugo. Expdte ref: 2020-C003-000043

Tamén se acorda a 3ª prórroga na contratación do servizo de vixilancia no Fogar do Transeúnte (lote 1) e servizo de vixilancia no CEI-Nodus-espazo>lab (lote 2). (Expte. ref. 7-2018) (tecol 2020/C003/000050).

Así mesmo, acórdase a adxudicación na contratación da subministración (adquisición) dunha autobomba urbana pesada así como o seu equipamento auxiliar destinada ao servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento do Concello de Lugo.exp. ref. 2022-C004-000014

Acórdase a 2ª prórroga do contrato dende o 26/9/2022 ata o 25/9/2023 na contratación do servizo de mantemento, conservación e reparación das instalacións

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8304634948655269115.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-10-2022

deportivas municipais do Concello de Lugo. Exp. ref. 2020/C003/000020).

Acórdase a adxudicación na contratación dun servizo de redacción dun proxecto de zona de baixas emisións no recinto amurallado de Lugo ZBE zero corazón verde dentro do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sustentable do transporte urbano no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia expte ref. 2022-C003-000015.

Do mesmo xeito, acórdase a adxudicación na contratación da obra "Mantemento e mellora de camiño entre Calde e o Burgo". Exp. ref. 2022-C002-000019.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra "proxecto básico e de execución de reparación de patoloxías no Auditorio de Lugo" e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2022-C002-000017.

3. FOMENTO.- Acórdase a aprobación da participación do Concello de Lugo no programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-nextgenerationeu (resolución do 8 de xullo de 2022, publicado no DOG nº 137, do martes 19 de xullo de 2022).

4. PERSOAL.- Acórdase a estimación recurso de reposición presentado fronte ao decreto nº 2288/2021 do 23 de marzo que convoca o proceso selectivo para o acceso en propiedade dunha praza de enxeñeiro/a industrial pertencente ao cadro de persoal funcionario, así como ás bases específicas aprobadas por acordo 7/46 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de 03.02.21.

Tamén se acorda a desestimación recurso de reposición interposto fronte ao acordo 11/252 da Xunta de Goberno Local do 4-5-2022 aprobación da oferta de emprego público do Concello de Lugo, lei 20/2021 de estabilización de emprego temporal.

Do mesmo xeito, acórdase a desestimación recurso de reposición interposto fronte ao acordo 11/252 da Xunta de Goberno Local do 4-5-2022 aprobación da oferta de emprego público do Concello de Lugo, Lei 20/2021 de estabilización de emprego temporal.

Acórdase a estimación recurso de reposición presentado fronte ao decreto nº 1539/2021, do 2 de marzo, polo que se convoca proceso selectivo para o acceso en propiedade dunha praza de enxeñeiro/a técnico/a industrial pertencente ao cadro de persoal funcionario, así como fronte ás bases específicas aprobadas por

acordo 6/6 da xunta de goberno local adoptado o 13.01.21.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización tributaria en concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos pola denegación da licenza urbanística para construción de edificio na rúa San Isidro Labrador, nº 26 e Túnel de Oural, nº 44.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS APARA VECIÑANZA

6. MERCADOS.- Acórdase a aprobación da relación de persoas autorizadas para a venda ambulante no mercado de Frigsa 2022.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.